



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO INNOVADOR PARA A PROMOCION DA AUTONOMIA PERSOAL MEDIANTE UN PLAN INTEGRAL DE ACTUACIONS SOBRE A PERSOA CON DISCAPACIDADE EN SITUACION DE DEPENDENCIA DENDE A IDADE TEMPERA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, **DECLARA:**

Que esta consellería de Política Social e a **CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)** desenvolven o convenio de colaboración arriba referido, por un período de vixencia que abranguerá dende a data da súa sinatura e ata o 30 de setembro de 2022.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto o desenvolvemento dun proxecto innovador consistente nun plan integral de actuacións para a promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade en situación de dependencia dende a idade temperá e cuxos resultados, unha vez validados, poderán servir de referencia para o desenvolvemento da carteira de servizos comúns de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal para o colectivo de persoas con discapacidade.

Que existindo converxencia de intereses entre as entidades asinantes, en orde á consecución do fin perseguido, actuarase consonte ao seguinte:

Primeiro – Na necesidade de contribuir a que as persoas con discapacidade obteñan as habilidades e capacidades necesarias para dispoñer dunha vida autónoma, atendendo á súa situación particular e ao seu entorno.

Segundo.- Na intención de axudar a unha persoa con discapacidade en situación de dependencia a conseguir o máis completo potencial físico, psicolóxico, persoal e social, compatible coa súa deficiencia fisiolóxica ou anatómica e as limitacións do medio e en consonancia cos seus desexos e plan de vida.

Terceiro – No desenvolvemento das persoas desde a idade temperá de cara a promover ao máximo as súas capacidades e habilidades funcionais, contribuíndo no avance físico, cognitivo, de comunicación e linguaxe co obxecto de conseguir a maior independencia e autonomía posible nas actividades da vida cotiá.

Carto.- Que no desenvolvemento do proxecto existe un interese concorrente entre a Consellería e COGAMI dado o carácter experimental do proxecto baseado no desenvolvemento dunha experiencia cuxos resultados servirán de referencia para o desenvolvemento dunha carteira de servizos para o colectivo de persoas con discapacidade .





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

Así pois a actuación que se propón realizar, pode materializarse mediante un acordo entre a Consellería de Política Social e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, Colaboración que esixe a formalización dun convenio de colaboración coa entidade que permita executar as actuacións precisas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1 /2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 10 de Xaneiro de 2019.

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,
Ildefonso de la Campa Montenegro.

